

BASES REGULADORAS DO DESFILE DE ENTROIDO 2020

Artigo 1. Destinatarios

Poderán participar calquera persoa ou grupo de persoas (asociacións veciñais, culturais, etc) que presenten a solicitude no prazo establecido.

Artigo 2. Lugar e prazo de inscrición

- O prazo de inscrición para participar no desfile do Martes de Entroido 2020 será dende o día 27 de Xaneiro ao 21 de Febreiro de 2020, ambos incluídos.
- As solicitudes estarán disponibles na Casa da Cultura e na páxina web www.barbadas.gal.
- A inscrición realizarase na Casa da Casa da Cultura, a través de correo electrónico (casacultura@barbadas.es) ou por teléfono: 988 246885.

Artigo 3. Normas de participación

- O desfile terá lugar o martes, día 25 de febreiro ás 17 horas e o seu percorrido será a Avenida de Celanova. Os participantes deberán estar ese día ás 16 horas na rúa dos Carrís.
- A cada grupo ou persoa inscrita adxudicaráselle un número coa orde de participación no desfile.
- Todos os vehículos que participen no desfile deberán ter en vigor a póliza de seguro obrigatorio de circulación.
- Os/as participantes dentro da categoría infantil deberán ir acompañados/as dunha persoa adulta, que será o seu representante e responsable durante o desfile.
- Os/as participantes deberán inscribirse nunha única categoría.
- Os participantes no desfile comprométense a responsabilizarse dos actos ou accións que se produzan durante o mesmo, eximindo ao Concello de Barbadás de calquera responsabilidade.
- Queda prohibido o uso de petardos ou lanzamento de obxectos perigosos ao público, quedando excluídos do desfile.

Artigo 4. Categorías

Establecense as seguintes categorías:

- **Xerais:**
 - **Carrozas:** mínimo 10 persoas.
 - **Comparsas:** mínimo 10 persoas.
 - **Parellas/Tríos**
 - **Individuais**
- **Infantís: (ata 12 anos e un máximo de 8 nenos e nenas)**
 - **De 0 a 5 anos**
 - **De 6 a 9 anos**
 - **De 10 a 12 anos**

Artigo 5. Premios

Establécense os seguintes premios por categorías:

- **Xerais:**
 - **Carrozas:** 1º premio 900 €, 2º premio 700 €, 3º premio 500 €.
 - **Comparsas:** 1º premio 900 €, 2º premio 700 €, 3º premio 500 €.
 - **Parellas/Tríos:** 1º premio 300 €, 2º premio 150 €, 3º premio 100 €.
 - **Individuais:** 1º premio 200 €.
 - **Categorías Espaciais: (*Carrozas ou Comparsas non premiadas*)**
 - Especial deseño: 200 €.
 - Especial animación: 200 €
 - Máis numerosa: 200 €

- **Infantís:**

Recibirán un único premio por cada categoría consistente nun bono regalo, por valor de 200 €, para mercar en librerías e xogueterías do Concello, o bono regalo caducará o 30 de setembro de 2020.

- O pago dos premios realizarase mediante transferencia bancaria, presentando se é o caso, certificación da exención do IVE. Nos demais casos, as compensacións económicas estarán suxeitas ás retencións que correspondan en función da normativa fiscal.

Artigo 6. Xurado

- O concurso terá un xurado composto por cinco persoas, dúas en representación do Concello, estas con voz pero sen voto. Estará presidido pola Concelleira de Cultura e actuará como secretario o coordinador de actividades culturais.

O xurado terá en conta á hora de valorar os participantes principalmente calidades que respondan ao espírito do entroido (a graza, a empatía co público, a sátira, a transgresión), a animación musical, a creatividade e a elaboración do vestiario e do resto do atrezzo.

Artigo 7. Axudas a asociacións

As asociacións que participen no Desfile do Martes de Entroido 2020 compostas por 10 ou máis integrantes e se atopen debidamente inscritas, a data 31/12/2019, no Rexistro de Asociacións do Concello de Barbadás, recibirán unha axuda de 100 €.

Máis información:

Casa da Cultura

Rúa San Bernabé 37 32002 A Valenzá

Tlf: 988 246885

Correo electrónico: casacultura@barbadas.es

As cuestións de dúbida, interpretación, ou cambios derivados de imprevistos que xurdan durante o desenvolvemento serán resoltas pola Concellaría de Cultura.



A Concellaría de Cultura resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bó desenvolvemento do evento.

A participación no Desfile do Martes de Entroido 2020 implica a aceptación das presentes bases.